


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO

MÚSICA



CPI DE XANCEDA (MESÍA)

CURSO 2021-22

INDICE

PÁX.

	Introdución	
	Datos do departamento	
	Contexto	7
	Características do centro e do alumnado.	
	Obxectivos adaptados ao contexto	
	Secuenciación e temporalización	13
	Secuenciar e temporalizar os contidos por unidades e /ou proxectos	
	Programación de aula de 1º, 2º, 3º e 4º	20
	Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares de aprendizaxe	
	Establecer para cada estándar:	
	Grao mínimo de consecución	
	Peso na cualificación	
	Instrumentos de avaliación	
	Temas transversais	
	Metodoloxía didáctica:	294
	Estratexias metodolóxicas	294
	Outras decisións metodolóxicas: agrupamentos, tempos, espazos, materias, recursos	295
	Avaliación	297
	Avaliación inicial	298
	Procedemento para a avaliación inicial	
	Avaliación continua	298
	Procedemento para a avaliación continua : Número e tipo de exames e outras probas a valorar	
	Criterios de cualificación: Valoración dos exames, traballo diario, interese na aula, etc.	
	Elaboración da nota media	
	Recuperación dunha proba ou exame	
	Recuperación dunha avaliación	
	Avaliación final (ESO)	304
	Quen debe ir á avaliación final?	
	En que consistirá a proba?	
	Que estándares se van a avaliar?: os das avaliacións pendentes, todos, ...	
	Como se elabora a cualificación final?: Ponderación, redondeos, etc?	
	Que criterios segue o centro para a promoción?	
	Avaliación extraordinaria (ESO)	304

	Procedementos para a avaliación extraordinaria: características da proba escrita	
	Materias pendentes de cursos anteriores	306
	Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes: Traballo, probas, etc.	
	Criterios de cualificación: valoración de traballos, probas escritas, outras.	
	Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	308
	Indicadores de logro da planificación e do proceso de ensino	
	Indicadores de logro da práctica docente	
	Avaliación da programación didáctica	311-12
	Indicadores de logro sobre a programación didáctica	
	Atención á diversidade	313
	Medidas ordinarias: Organizativas	
	Medidas ordinarias: Curriculares	
	Medidas extraordinarias: Organizativas	
	Medidas extraordinarias: Curriculares	
	Actividades complementarias e extraescolares	314
	Referencia ás actividades complementarias e extraescolares recollidas na PXA.	
	Ás tic, Plan lector	314-15
	Relación coa Resolución do 27/07/2015 (DOG 29)	

--	--

1.- INTRODUCCIÓN

1. INTRODUCCIÓN

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento cun valor incuestionable na vida das persoas. Na actualidade, vivimos nun contacto permanente coa música, sen dúbida, a arte máis poderosamente masiva do noso tempo. O desenvolvemento tecnolóxico modificou considerablemente os referentes musicais da sociedade pola posibilidade dunha escoita simultánea de toda a produción musical mundial a través dos discos, a radio, a televisión, os xogos electrónicos, o cinema, a publicidade, internet, etc. Ese mesmo desenvolvemento tecnolóxico abriu, á súa vez, novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais coma de calquera persoa interesada en facer música.

Dende esta perspectiva, o currículo de música para Educación Secundaria Obrigatoria pretende establecer puntos de contacto entre o mundo exterior e a música que se aprende nas aulas, achegando as canles necesarias para estimular no alumnado o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica, facendo que chegue a un grao de autonomía tal que permita a participación activa e informada en diferentes actividades vinculadas á audición, a interpretación e a creación musical.

Por outro lado, a educación musical en Galicia conta como punto de partida dun ámbito cultural, social e histórico, que conforma unha infraestrutura de iniciativa institucional ou popular, que marca e predispón a vida local cara ao goce e a participación directa no feito musical, en todos os estilos: dende a música universal a compositores próximos, dende a ortodoxia á vangarda. Este feito supón unha sensible diferenciación do contexto sonoro galego, un contexto significativo que outorga un peso específico á música, que o centro docente debe escoitar e, ao mesmo tempo, rendibilizar dende o punto de vista pedagógico, garantindo unha formación en consonancia.

A nosa realidade insírese, ademais, nun arco galego - portugués que abrangue culturas

que constantemente intercambian os seus trazos e provocan unhamestizaxe frutífera que traspasa fronteiras. Nos ritmos e melodías, nas letras das cancións, no xeito de adornalas, nas cadencias, nas danzas, nos instrumentos, recoñecemos e rehabilitamos unha memoria que corre o risco de perderse nunha excesiva globalización de estéticas, produtos e formas de vida. Ao mesmo tempo, o futuro intúese intercultural. Os centros docentes da nosa comunidade son un exemplo palpable, e, neste sentido, a Música pode actuar de elemento catalizador, cuns cidadáns e cidadás formados musicalmente dende a escola.

Unha aproximación máis diferenciada e analítica sucede nesta etapa ao carácter máis global que a área de Educación Artística presenta na Educación Primaria. Isto correspóndese coas características evolutivas do alumnado, nun momento en que a súa capacidade de abstracción experimenta un desenvolvemento notable. Esta diferenciación non impide, non obstante, que a materia se siga articulando en torno a dous eixes fundamentais, percepción e expresión, vinculados, á súa vez, e de forma directa, coa adquisición dunha cultura musical básica e necesaria para todas e todos os cidadáns.

Pola súa banda, a expresión alude ao desenvolvemento de todas aquelas capacidades vinculadas coa interpretación e a creación musical. Dende o punto de vista da interpretación, o ensino e a aprendizaxe da música céntranse en tres ámbitos diferenciados pero estreitamente relacionados: a expresión vocal, a expresión instrumental e o movemento e a danza. Mediante o desenvolvemento destas capacidades trátase de facilitar o logro dun dominio básico das técnicas requiridas para o canto e a interpretación instrumental, así como os axustes rítmicos e os motores implícitos no movemento e a danza. A creación musical remite á exploración dos elementos propios da linguaxe musical e á experimentación e combinación dos sons a través da improvisación, a elaboración de arranxos e a composición individual e colectiva.

O tratamento dos contidos que integran estes dous eixes debe facerse tendo en conta que, na actualidade máis que noutras épocas, a música é un dos principais referentes de identificación da xuventude. O feito de que o alumnado a sinta coma

propia constitúe, paradoxicamente, unha vantaxe e inconveniente no momento de traballala na aula: vantaxe, porque o valor, así como as expectativas e a motivación respecto a esta materia son elevados; inconveniente, porque o alumnado ao facela súa, posúe trazos confirmatorios moi arraigados.

A presenza da Música na etapa da Educación Secundaria Obrigatoria debe considerarse como punto de referencia, o gusto e as preferencias do alumnado pero, simultaneamente, debe concibir os contidos e o fenómeno musical dende unha perspectiva creativa e reflexiva, e intentar alcanzar cotas máis elevadas de participación na música como espectador, intérprete e creador.

Nos contidos previstos en segundo e terceiro, o primeiro bloque, Escoita, vincúlase directamente co eixe de percepción, ao tempo que o segundo e o terceiro, interpretación e creación fan co eixe de expresión. Pola súa parte, o cuarto bloque, contextos musicais inclúe contidos relacionados cos referentes culturais das músicas que se utilizarán nos bloques anteriores xunto a outros que axudan a coñecer mellor o mundo musical actual e o papel da música en distintos contextos sociais e culturais.

Nos contidos para o cuarto curso, no que a Música é unha materia opcional, o primeiro bloque Audición e referentes musicais realízase directamente co eixe de percepción e recolle, ao mesmo tempo, novos contidos para afondar no papel da música en distintos contextos sociais e culturais do pasado e do presente. O segundo bloque, A práctica musical, insírese no eixe de expresión e recolle todos aqueles contidos relacionados coa interpretación vocal e instrumental, o movemento e a danza, a improvisación, a elaboración de arranxos e a composición, así como a participación en proxectos musicais de diversa índole. Estes dous primeiros bloques presentarán especial atención a audicións e interpretacións, tanto de cancións como de danzas tradicionais do repertorio de Galicia. O terceiro bloque, Música e tecnoloxías, estreitamente vinculado cos anteriores, inclúe de xeito explícito unha serie de contidos que permiten coñecer e utilizar ferramentas tecnolóxicas en actividades de audición e produción musical.

Esta organización dos contidos en torno a bloques e eixes pretende presentalos de forma coherente. Non existe, non obstante, prioridade duns sobre outros nin esixencia pola que se deba partir preferentemente dun deles. Entre os diferentes contidos establécese unha relación cíclica: uns enriquecen outros, promóvenos, desenvolven e consolidan. Ao mesmo tempo, todos eles se vinculan cos coñecementos da linguaxe e a cultura musical.

A interdisciplinabilidade da Música propia e implica establecer vínculos cun grande número de materias que conforman o currículo para formar o cadro cultural no cal as creacións musicais se desenvolveron ao longo do tempo e favorecen a consecución dun xeito máis diversificado dos obxectivos xerais da etapa. A Música en toda a súa dimensión permite unha dobre función no desenvolvemento da alumna e do alumno, dende o punto de vista persoal e na formación dos fundamentos técnicos e científicos do enriquecemento cultural. Así pois, é necesaria unha sólida formación musical como elemento indispensable na educación das persoas.

Ata agora a aprendizaxe da área da Música baseouse na práctica de procedementos. Na actualidade, co termo "creatividade" lévanse experimentado correntes pedagóxicas que empregan unha aprendizaxe consistente, en primeiro lugar, en experimentar e, a partir de aí, en construír significados. A creatividade musical, pois, será maior cantas máis "ferramentas" poñamos a disposición das alumnas e os alumnos para ordenalas de forma orixinal e persoal.

O ensino da área de Música ten que potenciar as capacidades de escoitar, recoñecer e reter as relacións que configuran as estruturas musicais e por iso mesmo ten que se orientar na diversificación de gustos musicais e na formación dun espírito crítico e de fomento de valores de convivencia e disciplina. Hai músicas de gran riqueza pero só unhas e uns poucos poden ou saben gozalas debido a que o gran público non está capacitado para percibir a grande cantidade de parámetros que se ofrecen. Trataríase pois dun problema de educación. Non é que lles guste ou

non lles guste, senón que non teñen as ferramentas nos seus oídos e no seu entendemento para emitir un xuízo de gusto.

As clases de Música teñen que transcorrer nun clima de respecto para coa materia, de participación, e de atención á diversidade do alumnado.

As actividades complementarias e extraescolares serán soportes importantes no desenvolvemento da materia e na formación e motivación das alumnas e alumnos.

2.- MEMBROS DO DEPARTAMENTO

Xéfa do departamento e único membro do mesmo:

- **Dna. Patricia Fernández García**

3.- CONTEXTO

3.1.- Características do centro e do alumnado.

3.1.1.- Características do centro.

O CPI de Xanceda é un centro rural situado no Concello de Mesía. Se imparten os ensinos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obligatoria.

Ao CPI de Xanceda atópanse adscritas dúas Escolas Unitarias, Olas e Visantofña, das que o alumnado incorpórase ao centro en 3º de Primaria.

Debido ao baixo número de alumnado, hai un grupo de cada curso. O maior número de alumnos por grupo é de 23, polo que favorece a unha maior atención ás necesidades do alumnado.

1.1.2.- Características do alumnado.

A lingua materna dominante é o galego. Para a materia de Lingua Castelá e Literatura necesítase afondar en aspectos gramaticales e ortográficos, xa que se cometen erros por interferencias da lingua materna.

Alumnado con Necesidades Educativas Especiais.

En 1º ESO, hai 12 alumnos, catro deles exentos em francés e co apoio da PTE.

En 2º ESO hai 18 alumnos/as e un agrupamento em matemáticas e castelá. Hai un alumno con necesidades e unha alumna con practicamente ACI em todo. A PTE apoia a este alumnado con necesidades.

En 3º ESO hai 21 alumnos/as e does deles repitiron 2º ESO. Unha deles ten necesidades.

En 4º ESO hai 17 alumnos/as. 7 deles proceden dun PMAR DE 3º e outros dous repitiron 2º ESO. De ahí que haxa un agrupamento em Castelá, Galego, Xeografía e Historia e Inglés.

Estaremos atentas a calquera necesidade doutros alumnos/as que poidan ter dificultades ao longo do curso. Tomaranse as medidas necesarias respecto diso en colaboración co Departamento de Orientación.

Calquera modificación quedará reflectida no libro de actas do Departamento.

- Problemas sociais destacados: Non destacan problemas, si hai familias sen traballo e cun nivel de estudos básicos.

- Outras características. O alumnado mostra falta de hábito de traballo, de estudo e motivación.

3.2.- OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO.

Os obxectivos son os referentes aos logros que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

Obxectivos da educación secundaria obligatoria adaptados ao contexto.

A educación secundaria obligatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento

persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en asignaturas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

l) Coñecer mulleres e homes que realicen achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporal, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

n) Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar críticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos ser vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

ñ) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

p) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

CONTIDOS

Os contidos estruturáronse en seis grandes bloques:

- **Bloque 1, Linguaxe musical:** ten como obxectivo instruír ao alumnado nos coñecementos básicos dos aspectos que regulan e categorizan a música.
- **Bloque 2, Práctica instrumental:** mediante o emprego de instrumentos escolares os alumnos búscase que os alumnos melloren non só a interpretación de pezas vocais e instrumentais, senón que adquiran soltura á hora de expoñerse cara ao público e gañen confianza en si mesmos.
- **Bloque 3, Coñecemento instrumental:** neste apartado presentanse as distintas familias instrumentais, facendo fincapé no seu deseño, construción e forma de producir o son.
- **Bloque 4, Descubrir a música:** este bloque ten unha dobre funcionalidade. Por un lado, presentar ao alumnado, de forma amena, música que se afasta do repertorio que escoitan habitualmente. Por outro, preténdese que os alumnos perciban os elementos aprendidos no bloque de Linguaxe Musical.
- **Bloque 5, Historia da música galega:** como o seu propio nome indica, neste apartado faise un repaso da Historia da música galega desde as súas orixes ata a actualidade.
- **Bloque 6, Música moderna:** este bloque pretende que o alumnado amplíe os seus gustos e coñecementos musicais e contribúa a formalo nun consumo responsable da música.

3. Secuenciación e temporalización

A asignatura de Música ten asignadas dúas sesións lectivas semanais para 2º e 3º, para 4º tres horas.

A distribución temporal por trimestres que se amosa a continuación é **meramente orientativa e combina en cada avaliación unha parte teórica e una parte práctica**. Programáronse 60 horas totais.

TRIMESTRE	UNIDADES	SESIÓNS
1º Trimestre	Unidade 1	6
	Unidade 2	4
	Unidade 3	5
	Unidade 4	6
2º Trimestre	Unidade 5	5
	Unidade 6	5
	Unidade 7	4
	Unidade 8	5
3º Trimestre	Unidade 9	5
	Unidade 10	6
	Unidade 11	4
	Unidade 12	5

Contribución da materia á consecución das competencias básicas

A materia de Educación Artística, na súa área de Música está comprometida coa adquisición de todas as competencias do currículo:

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)	CONTRIBUCIÓN
SABER FACER	<p>Nas clases de música a linguaxe utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores. Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, da lectura sobre mulleres compositoras ou relacionadas dalgún xeito ca música e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.</p>
Expresarse de forma oral en múltiples situacións comunicativas.	
Comprender distintos tipos de textos: buscar, recompilar e procesar información.	
Expresarse de forma escrita en múltiples modalidades, formatos e soportes.	
Escoitar con atención e interese, controlando e adaptando a súa resposta aos requisitos da situación.	
SABER SER	<p>A lingua como instrumento de comunicación de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas é unha constante nas clases de música, nas explicacións sobre como interpretar partituras, enunciado de normas para compoñer, improvisar, tocar, cantar, actuar en conxunto, etc.</p> <p>Outras funcións da linguaxe, como son dialogar, expresar pensamentos, emocións, opinións, formarse un xuízo crítico e ético, acádanse nas clases de música mediante a exposición das características musicais presentes nas audicións, enmarcando a obra, así como mediante a expresión dos propios gustos, a través da elaboración de opinións fundadas, xuízos de valor e mesmo aprendendo a utilizar os termos axeitados</p>
Estar disposto ao diálogo crítico e construtivo.	
Recoñecer o diálogo como ferramenta primordial para a convivencia.	
Ser consciente da repercusión da lingua noutras persoas.	

	<p>para describir unha determinada peza musical.</p> <p>Moitos dos contidos da materia trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtulado, trabállase tamén o uso funcional dunha lingua estranxeira.</p>
--	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)	ACTUACIÓNS
SABER FACER	<p>Esta competencia desenvólvese en música basicamente a través de dúas canles: por unha banda, a métrica, que vén artellada polas relacións de divisibilidade e proporcionalidade entre figuras (as figuras son representacións gráficas de duracións de diversas magnitude e a construción rítmica precisa da capacidade para solventar problemas aritméticos con fraccións), e, por outra banda, a medida da altura, a través das unidades ton e semitón, tendo que utilizar nesta materia de xeito constante o cálculo mental para obter resultados sinxelos de forma exacta.</p> <p>Desta forma se manexan os elementos matemáticos básicos en situacións procedentes doutros campos de coñecemento, neste caso, do eido musical.</p> <p>Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso arredor.
Aplicar os principios e procesos matemáticos en distintos contextos.	
Analizar gráficos e representacións matemáticas.	
Interpretar e reflexionar sobre os resultados matemáticos.	
Tomar decisións baseadas en probas e argumentos.	
Emitir xuízos na realización de cálculos.	
Manipular expresións alxebraicas.	
Resolver problemas.	
SABER SER	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. • Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá. • Traballar visual e auditivamente e interpretar a proporción matemática en ritmogramas e musicogramas. • Traballar a relación matemática dos compases cos elementos que integran a escritura no pentagrama. • Adquirir coñecemento instrumental fixándose no corpo vibrante e na súa orixe.
Respectar os datos e a súa veracidade.	
Asumir os criterios éticos asociados á ciencia e a tecnoloxía.	
Apoiar a investigación científica e valorar o coñecemento científico.	

COMPETENCIA DIXITAL (CD)	ACTUACIÓNS
SABER FACER	
Utilizar recursos tecnolóxicos para a comunicación e resolución de problemas.	
Buscar, obter e tratar información.	
Usar e procesar información de maneira crítica e sistemática.	
Crear contidos	
SABER SER	
Ter unha actitude activa, crítica e realista cara ás tecnoloxías e os medios tecnolóxicos.	
Valorar as fortalezas e debilidades dos medios tecnolóxicos.	
Ter a curiosidade e a motivación pola aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.	

APRENDER A APRENDER (CPAA)	ACTUACIÓN
SABER FACER	<p>Esencialmente a aprendizaxe de calquera instrumento musical desenvolve actitudes de autosuperación e autodisciplina, implicando a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia ou eficacia persoal. Por todo isto, consideramos que os alumnos e alumnas estudando música aprenden a aprender.</p>
Estratexias de planificación de resolución dunha tarefa.	
Estratexias de supervisión das accións que o estudante está a desenvolver.	
Estratexias de avaliación do resultado e do proceso que se leva a cabo.	
SABER SER	
Motivarse para aprender.	
Ter a necesidade e a curiosidade de aprender.	
Sentirse protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe.	
Ter a percepción de auto-eficacia e confianza en si mesmo.	

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)	ACTUACIÓNS
SABER FACER	<p>Escoitando, tocando, cantando e analizando músicas de diversas culturas os alumnos e alumnas aprenden valores como a tolerancia, a apertura a novas formas de expresión ou o respecto e gozan co enriquecemento que supón o acercamento a diferentes realidades. Como cada día a nosa sociedade é máis plural, estas experiencias serven para favorecer a formación dunha conciencia cívica e para aprender a exercer a cidadanía democrática.</p> <p>As manifestacións culturais actuais -e entre elas, as musicais- proceden en gran medida das achegas das diferentes culturas ao longo dos séculos. Comprender isto amplía a visión dos alumnos e alumnas, e favorece o desenvolvemento do sentimento de cidadanía global.</p> <p>Noutra orde de cousas, nas interpretacións colectivas os alumnos e alumnas teñen que aprender a aceptar as normas que esixe toda actividade grupal cooperativa, co que se lles ensina a manter unha actitude construtiva, solidaria e responsable, algo indispensable para a convivencia democrática.</p>
Saber comunicarse dunha maneira construtiva en distintas contornas e amosar tolerancia.	
Manifestar solidaridade e interese por resolver problemas.	
Participar de xeito construtivo nas actividades da comunidade.	
Tomar decisións nos contextos local, nacional ou europeo mediante o exercicio do voto.	
SABER SER	
Ter interese polo desenvolvemento socioeconómico e pola súa contribución a un maior benestar social.	
Ter disposición para superar os pexuízos e respectar as diferencias.	
Respectar os dereitos humanos.	
Participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis.	

SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (SIE)	ACTUACIÓNS
SABER FACER	<p>Aprendendo a ler e interpretar partituras, a diferenciar estilos e parámetros musicais en audicións, a compondor e/ou arranxar pezas musicais, a coordinarse nas interpretacións colectivas e nos traballos de investigación en grupo nos que cómpre facer repartos de tarefas, os alumnos e alumnas traballan as capacidades necesarias para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal.</p> <p>Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. • Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. • Contaxiar entusiasmo porla tarefa e ter confianza nas posibilidades de acadar obxectivos. • Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos
Capacidade de análise, planificación, organización e xestión.	
Capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas.	
Saber comunicar, presentar, representar e negociar.	
Facer avaliación e auto-avaliación.	
SABER SER	
Actuar de forma creativa e imaxinativa.	
Ter autoconecemento e autoestima.	

<p>Ter iniciativa, interese, proactividade e innovación, tanto na vida privada e social como na profesional.</p>	<p>previos dun tema.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Atopar posibilidades na contorna que outros non aprecian. • Amosar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. • Asumir riscos no desenvolvemento de tarefas ou de proxectos. • Desenvolver a confianza en si mesmos mediante as dramatizacións con xestos grupais e as coreografías; ademais de fomentar o espírito de superación nas actividades individuais; grazas ás gabanzas do profesorado. • Valorar e coidar a voz cantando sen forzar as cordas vocais, de forma natural e desinhibida. • Elaborar fichas individualmente para desenvolver hábitos de esforzo, traballo individual, iniciativa persoal, curiosidade e creatividade na aprendizaxe.
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIAS (CEC)	ACTUACIÓNS
SABER FACER	<p>A través da escoita e interpretación de pezas musicais os alumnos e alumnas aprenden a achegarse, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce e considéralas como parte do patrimonio dos pobos.</p> <p>Por unha banda, durante a escoita, desenvolven a habilidade para</p>
<p>Aplicar diferentes habilidades de pensamento, perceptivas, comunicativas, de sensibilidade e de sentido estético.</p>	
<p>Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.</p>	

Ser quen de empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos.	apreciar e gozar coa arte, enriquecéndose con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura, pero, por outra banda, mediante actividades de composición e interpretación de pezas musicais, porán en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse a través de códigos artísticos e, na medida en que algunhas actividades culturais e artísticas supoñen en moitas ocasións un traballo colectivo, cómpre dispoñer de habilidades de cooperación para contribuír á consecución dun resultado final.
SABER SER	
Respectar o dereito á diversidade cultural, o diálogo entre culturas e sociedades.	
Valorar a liberdade de expresión.	
Ter interese, aprecio, respecto e goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais.	<p>Descritores a ter en conta para o desenvolvemento desta competencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos. • Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e amosar gusto pola estética no ámbito cotián. • Elaborar traballos e presentacións con sentido estético. • Amosar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científica...), e cara ás persoas que contribuíron no seu desenvolvemento. • Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

Obxectivos

Obxectivos de etapa

Segundo a LEI ORGÁNICA DE EDUCACIÓN 8/2013, do 9 DE DECEMBRO e o DECRETO da XUNTA de GALICIA, 86/2015, DO 25 DE XULLO, a educación secundaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan alcanzar os seguintes obxectivos:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e

artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Organización e secuenciación dos elementos curriculares.

4.1 Secuenciación dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliados e competencias clave en unidades didácticas.

Unidade 1

Obxectivos didácticos	
<ul style="list-style-type: none"> • Aprender o funcionamento da voz e o seu correcto mantemento. • Entoar fragmentos rítmico-melódicos coa voz. • Entoar sinxelas cancións de autor. • Interpretar unha melodía con instrumentos escolares de altura determinada: frauta e instrumentos de lámina. • Aprender normas e actividades básicas da interpretación grupal: silencio, atención ao director/a, memoria musical, expresión, matices.... • Conseguir que se interesen pola correcta interpretación musical grupal, creando un ambiente de colaboración e respecto. 	<ul style="list-style-type: none"> • Potenciar a memorización de melodías para cantar e/ou tocar e os acompañamentos instrumentais e corporais. • Potenciar a lectura de partituras ao seu nivel con certa soltura. • Explorar e practicar as posibilidades da voz e do seu corpo na interpretación musical. • Improvisar acompañamentos, movementos e dramatizacións de forma individual e grupal. • Improvisar esquemas rítmicos co corpo e con instrumentos escolares. • Experimentar escrituras non convencionais para anotar esquemas formais ou calquera característica musical dunha obra.

Bloque 1: Interpretación e creación

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • O son, o ruído e o silencio. • As calidades do son. • A voz e as agrupacións vocais. • Os instrumentos musicais e a súa clasificación. • <i>Eco en SI-LA</i> (frauta). M. Berg. • <i>Eco en SI-LA-SOL</i> (frauta). M. Berg. • <i>Garbage rag</i> (frauta e XB). Craig Cassils. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar os principais elementos que aparecen na notación musical. • Relacionar as características do son cos elementos representados nunha partitura. • Explicar a importancia do silencio na música. • Definir as calidades do son e relacionalas coa súa representación gráfica. • Utilizar a voz humana como instrumento en interpretacións musicais. • Interpretar as nocións básicas de escritura musical á hora de reproducir unha peza. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica os principais elementos que aparecen na notación musical. • Relaciona as características do son cos elementos representados nunha partitura. • Explica a importancia do silencio na música. • Define as calidades do son e relaciónaaas coa súa representación gráfica. • Utiliza a voz humana como instrumento en interpretacións musicais. • Interpreta as nocións básicas de escritura musical á hora de reproducir unha peza.

Bloque 2 : escoita

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • As calidades do son. • As voces e as agrupacións. • Os instrumentos. • <i>Eco en SI-LA</i> (frauta). M. Berg. • <i>Eco en SI-LA-SOL</i> (frauta). M. Berg. • <i>Garbage rag</i> (frauta e XB). Craig Cassils. • <i>Carmen</i> (G. Bizet). • A música moderna: o blues. • Historia da música galega: as orixes. 	<ul style="list-style-type: none"> • Discriminar sons segundo as súas calidades. • Relacionar as características do son cos elementos representados nunha partitura. • Explicar a importancia do silencio na música. • Definir as calidades do son e relacionalas coa súa representación gráfica. • Recoñecer os distintos tipos de voces e as agrupacións vocais principais. • Recoñecer auditivamente e determinar a época e a cultura musical á que pertence a audición seleccionada. • Distinguir en audicións música popular moderna os trazos máis característicos e salientables do blues. • Ser quen de diferenciar os trazos e características da música galega primixenia. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica os principais elementos que aparecen na notación musical. • Relaciona as características do son cos elementos representados nunha partitura. • Explica a importancia do silencio na música. • Define as calidades do son e relaciónas coa súa representación gráfica. • Recoñece os distintos tipos de voces e as agrupacións vocais principais. • Recoñece auditivamente e determina a época e a cultura musical á que pertence a audición Carmen. • Utiliza diversos soportes gráficos (partituras, comentarios, musicogramas) para o seguimento e comprensión global de audicións. • Distingue en audicións de música popular moderna os trazos máis característicos e salientables do blues. • Diferencia os trazos e características da música galega primixenia.

Bloque 3: Contextos musicais e culturais

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • Carmen (G. Bizet): o Romanticismo, o autor, a ópera. • A música moderna: o blues. • Historia da música galega: as orixes. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar os principais elementos que aparecen na notación musical. • Recoñecer os distintos tipos de voces e as agrupacións vocais principais. • Recoñecer auditivamente e determinar a época e a cultura musical á que pertence a audición seleccionada. • Explicar o concepto de música popular moderna. • Ser quen de diferenciar os trazos e características da música galega primixenia. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica os principais elementos que aparecen na notación musical. • Recoñece os distintos tipos de voces e as agrupacións vocais principais. • Recoñece auditivamente e determina a época e a cultura musical á que pertence a audición Carmen. • Explica o concepto de música popular moderna. • Diferencia os trazos e características da música galega primixenia. • Diferencia os trazos e características da música galega primixenia.

Bloque 4: Música e tecnoloxías

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • Uso das TIC para visualizar e escoitar diferentes instrumentos e a forma de produciren o son. • Uso das TIC para elaborar traballos sobre Carmen. • Uso das TIC para elaborar traballos sobre o blues. • Uso das TIC para elaborar traballos sobre a música galega (trobadores, Afonso X...). 	<ul style="list-style-type: none"> • Ver, en internet, diferentes esquemas da representación do son. • Comprobar a través de ecualizadores as variacións que sofre unha onda sonora segundo se modifique algunha das súas características (altura, intensidade, duración...). • Visualizar esquemas do aparato fonador e da forma da produción e articulación do son. • Discriminar pola súa altura voces humanas en diferentes estilos. • Ver tutoriais que amosen as posturas correctas á hora de interpretar pezas coa frauta. • Utilizar diversos soportes gráficos (partituras, comentarios, musicogramas) para o seguimento e comprensión global de audicións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza diversos soportes gráficos (partituras, comentarios, musicogramas) para o seguimento e comprensión global de audicións.

Unidade 2

Obxectivos didácticos	
<ul style="list-style-type: none"> • Seguir a liña melódica nunha partitura mentres escoitan unha audición. • Coñecer e apreciar un repertorio de cancións populares da nosa comunidade e doutras comunidades e culturas. • Ser capaces de seguir unha partitura mentres escoitan unha canción. • Entoar fragmentos rítmico-melódicos coa voz. • Entoar cancións sinxelas • Interpretar unha melodía con instrumentos escolares de altura determinada: frauta e instrumentos de lámina. • Aprender normas e actividades básicas da interpretación grupal: silencio, atención ao director/a, memoria musical, expresión, matices.... • Conseguir que se interesen pola correcta interpretación musical grupal, creando un ambiente de colaboración e respecto. • Conseguir que se interesen pola correcta interpretación musical grupal, creando un ambiente de colaboración e respecto. 	<ul style="list-style-type: none"> • Potenciar a memorización de melodías para cantar e/ou tocar e os acompañamentos instrumentais e corporais. • Potenciar a lectura de partituras ao seu nivel con certa soltura. • Explorar e practicar as posibilidades da voz e do seu corpo na interpretación musical. • Improvisar acompañamentos, movementos e dramatizacións de forma individual e grupal. • Improvisar esquemas rítmicos co corpo e con instrumentos escolares. • Crear unha coreografía en grupo para unha música ou para unha danza. • Experimentar escrituras non convencionais para anotar esquemas formais ou calquera característica musical dunha obra. • Escribir un texto a partir dunha melodía dada. • Escribir unha melodía a partir dun texto.

Bloque 1: Interpretación e creación

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • Representacións gráficas das calidades do son. • Agrupacións instrumentais. • Os instrumentos musicais e a súa clasificación. • <i>Din, don (fraela, PAI e MB). Ana López.</i> • <i>En ritmo (fraela, PAI, XC e XB). Ana López.</i> • <i>Audición: Muiñeira de Pontesampaio.</i> 	<ul style="list-style-type: none"> • Relacionar as características do son cos elementos representados nunha partitura. • Definir as calidades do son e relacionalas coa súa representación gráfica. • Distinguir os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de Sol e de Fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). • Interpretar as nocións básicas de escritura musical á hora de reproducir unha peza. 	<ul style="list-style-type: none"> • Relaciona as características do son cos elementos representados nas partituras propostas: <i>Danza húngara N°5 (J. Brahms)</i> e <i>Concerto de Brandemburgo (J. S. Bach)</i>. • Define as calidades do son e relaciónas coa súa representación gráfica. • Distingue os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; claves de Sol e de Fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). • Interpreta as nocións básicas de escritura musical á hora de reproducir unha peza.

Bloque 2 : escoita

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • Representación gráfica do timbre. • <i>Din, don</i> (fauta, PAI e MB). Ana López. • <i>En ritmo</i> (fauta, PAI, XC e XB). Ana López. • <i>Agrupacións instrumentais.</i> • <i>Na cova do Rei da Montaña (E. Grieg).</i> • <i>Historia da música galega: as orixes.</i> • <i>A música moderna: o blues.</i> • Audición: <i>Muiñeira de Pontesampaio.</i> 	<ul style="list-style-type: none"> • Distinguir entre os distintos tipos de ritmos simples: binario, ternario e cuaternario. • Recoñecer e aplicar os ritmos e compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. • Recoñecer auditivamente e determinar a época e a cultura musical á que pertencen distintas pezas musicais. • Recoñecer visual e auditivamente os instrumentos da familia de corda fretada. • Ser quen de diferenciar entre as distintas manifestacións musicais galegas. • Recoñecer a evolución histórica do blues. 	<ul style="list-style-type: none"> • Distingue entre os distintos tipos de ritmos simples: binario, ternario e cuaternario. • Recoñece e aplica os ritmos e compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. • Recoñece auditivamente e determina a época e a cultura musical á que pertencen <i>As catro estacións (A. Vivaldi).</i> • Recoñece visual e auditivamente os instrumentos da familia de corda fretada. • Diferencia entre as distintas manifestacións musicais galegas: muiñeira, foliada, xota... • Recoñece a evolución histórica do blues.

